



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2019/14
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, VENRES 27 DE DECEMBRO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

PSOE

MONICA VILELA VILELA

MANUEL CARAMES LOPEZ

OLALLA BENLLOCH LEMA

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

TANIA ROMERO GARCIA

BNG

CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO

PP

JAVIER LEMA SUAREZ

SANDRA VILELA RIVEIRO

SOFIA LOPEZ SIMON

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: MONICA IGLESIAS PREGO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1- Aprobación da Acta da sesión anterior
- 2- PLAN ECONOMICO FINANCIERO 2019-2020
3. MOCION GRUPO MUNICIPAL PSOE SOBRE ATENCION A MULLERES CON ENDOMETIOSE
4. PROPOSTA ALCALDIA RECORTES EN PEDIATRIA
5. MOCION BNG VIA GALEGA
6. MOCION DO PP SOBRE LIBERDADE EDUCATIVA
7. MOCION DO PP SOBRE POSTA EN VALOR DO ENTORNO DA BARCA
8. DAR CONTA DECRETOS ALCALDIA
9. Rogos e preguntas



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

1.-APROBACION ACTA SESION ANTERIOR.

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2.-PLAN ECONOMICO FINANCEIRO 2019-2020

O Sr Alcalde manifesta: "Todos sabemos de que trata o PEF e está especificado na documentación que se lles pasou."

Inicia o debate a voceira do PP Dna. Sandra Vilela: "Votaremos a favor por ser algo que se nos esixe, pero si que é certo que a xestión económica deste Concello é mediocre aínda que xa sei que vai dicir que lle ven herdado. O que me parece sorprendente e preocupante, é que diga publicamente que non hai que cumprir coa Lei, como fixo nun medio de comunicación. Pode gustarnos máis o menos a lexislación, pero está aí e hai que cumprir con ela. Esperemos que non nos traia consecuencias como as do ano pasado que non se puido investir un millón de euros, e que cando faga os orzamentos os faga responsablemente."

A continuación intervén o voceiro do grupo mixto (BNG): "Esa Lei fíxose para solucionar os problemas de despilfarro nas grandes cidades e deberá de derogarse".

O Sr Alcalde manifesta: " Opino igual, non estamos de acordo con esa Lei sexa o goberno que sexa, e queremos plantexar que se derogue, pero unha cousa é unha opinión xocosa nun medio de comunicación e outra é que hai que cumprir a Lei."

Sometido o asunto a votación, o Pleno por unanimidade dos seus 11 membros acorda:

- 1) Aprobar o Plan económico-financeiro do Concello de Muxía para o período 2019-2020 nos termos que constan no documento anexo que se considera parte integrante do presente acordo.
- 2) Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal e ao órgano competente da Comunidade Autónoma que exerza a tutela financeira (Dirección Xeral de Política financeira e Tesouro da Xunta de Galicia); así como a Comisión Nacional da Administración Local.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXIA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

3) Levar a cabo a publicación deste plan seguindo as mesmas normas que as que resultan de aplicación para os Orzamentos das entidades locais, mediante un anuncio no BOP, publicación esta que será só a efectos informativos.

3.-MOCION GRUPO MUNICIPAL PSOE SOBRE ATENCION A MULLERES CON ENDOMETRIOSE

Inicia o debate Dña Sandra Vilela: “ Votaremos en contra xa que o que pide na moción moitas cousas xa se fixeron. En 2016 a Xunta difunde unha guía realizada polo servizo Nacional de Saúde e dende 2016 fixéronse diferentes actividades organizadas pola Xunta para informar sobre este problema. En canto á creación dunha unidade multidisciplinar, estanse elaborando propostas ao respecto desta enfermidade segundo o que establece o S.N de Saúde.

A proposta que se fai na moción da proposición non de lei xa está posta en marcha e estase traballando por parte da Xunta. Ademais no relativo ao que se di do Teresa Herrera para a atención pronta da enfermidade, hai dúbidas xinecólogas para esa doenza”

D Carlos Fdez, manifesta o seu voto a favor “de que se faga o que sexa para ampliar a cobertura ou o que sexa preciso”

Intervén seguidamente o Sr Alcalde: “; Non vexo ben votar en contra e sobre todo porque as mulleres da Asociación Querendo non están tolas nin loitan por algo que xa exista. Falei bastante con elas e segue todo igual. Elas dinme o contrario que vostede, que queda moito por avanzar e esta moción prantéxase nese senso”.

Sometida a moción a votación, o Pleno por oito votos a favor (7 do grupo municipal do PSOE e un do grupo mixto-BNG) e os tres votos en contra do grupo municipal do PP, acorda aprobar a seguinte Moción:

1.-Instar ao SERGAS e á EOXI correspondente para que proceda a:

1.1. Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende aos distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso concello (facultativos de primaria e especializada, enfermería, matronas, fisioterapeutas, terapeutas...).

1.2. Garantir consultas específicas de Endometriose suficientes para o número de afectadas da área nos hospitais aos que acoden as mulleres do noso concello e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

1.3. Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, ciruxáns xerais con experiencia en ciruxía colo-rectal, urólogos, anestesiólogos, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

2.- O concello instará por escrito nos próximos 30 días á Consellería de Sanidade a:

2.1. Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.

2.2. Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora nas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar a súa calidade ovárica, así como execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).

3.- O concello instará por escrito nos próximos 30 días ao Ministerio de Sanidade a:

3.1. Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.

3.2. Incluír na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.

4.-O Concello comprométese a solicitar aos Institutos de Investigación públicos galegos que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.

5.-O concello comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso concello para dar a coñecer a doenza e para tratar de recortar na medida do posible o retraso diagnóstico por medio da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por Querendo. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía.

4.-PROPOSTA ALCALDIA RECORTES EN PEDIATRIA



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Sr Alcalde manifesta: “Todos coñecedes os problemas con pediatría na comarca e tamén aquí, e esta moción foi presentada e apoiada no concello de Zas e noutros concellos, e hoxe tráese a Pleno para manifestar o noso apoio a todo o que conleve unha mellora dos servizos de pediatría e doutras especialidades na Comarca.”

Intervén seguidamente a voceira do PP: Vamos absternos e quero aclarar que o PP deste concello e o de calquera outro quere resolver os problemas pediátricos da Costa da Morte, de Galicia ou de España. Todos sabemos que isto non é por recortes, non se amortizaron as prazas de pediatría. O que pasa é que hai déficit en profesionais de pediatría e isto non pasa só en Galicia. Dende o noso grupo no seu momento pedimos ao voceiro de Sanidade no Parlamento que falase ao respecto. É sucio facer política con algo tan sensible. Pedíuselle ao Goberno do Estado un MIR especial para sacar prazas e non foi autorizado. Conseguiuse pola Xunta que cada ano saquen 7 postos de pediatría máis. Non é un problema de recortes, a xestión pode ser un problema pero non se amortizou nin unha soa praza de Pediatría.”

No seu turno, o voceiro do grupo mixto-BNG manifesta: “ O que dios é un recoñecemento do fracaso na xestión . Acórdanse dun día para outro de que non hai pediatra? Agora din que vai a a haber 7 pediatras máis por ano, cantos anos teremos que esperar?. Non será recortes pero é algo peor.”

O Sr. Alcalde explica: “ Poñer un pero a isto é dicir a súa radical posición. Non fago política con este tema, é que isto é a forma de entender a sanidade pública. Dou voz neste pleno a quen protesta.”

Sometida a moción a votación, o Pleno, por oito votos a favor (7 do grupo municipal PSOE e un do grupo mixto-BNG) e a abstención do grupo municipal do PP (3), acorda aprobar a seguinte Moción:

PRIMEIRO: Solicitar ao SERGAS que restitúa o horario do servizo de pediatría de 35 horas semanais.

SEGUNDO: Que cubran as baixas, licenzas, permisos, vacacións do persoal adscrito a dito servizo.

TERCEIRO: Trasladar aos demais concellos da Costa da Morte o acordo para que se adhiran ao mesmo no caso de consideralo oportuno.

5.-MOCION BNG VIA GALEGA



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXIA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Previo permiso da Alcaldía o voceiro do grupo mixto_BNG explica o contido da moción.

Intervén no debate a voceira do PP: " Votaremos en contra porque está moi ben o que expón pero os números non din iso. O que di o INE respecto aos anos 2008 a 2017 é que o saldo migratorio ao estranxeiro é positivo, é dicir, entraron máis persoas das que saíron. O 2017 foi tamén positivo, o CERE redúcese cada vez máis e a maioría son galegos que xa naceron fóra. O mundo globalizouse e non ten nada que ver co de Rosalía. En Galicia hai un problema de envellecemento e perda de poboación pero que elo estea necesariamente relacionado coa emigración non está probado.

A Xunta comprometeuse á creación de emprego e así se fixo. Galicia foi a Comunidade Autónoma que máis emprego creou despois da crise económica.

Persoas de aquí participaron en Galicia Emprega, destínanse 65000€ a mellorar a cualificación de persoas desempregadas, por non falar das medidas que existen para que os emigrantes retornen."

Volve a intervir D Carlos Fdez: " Segundo o Instituto Galego de Estadística nos últimos 10 anos emigraron de Galicia máis de 200.000 persoas, dos cales 80.000 eran menores de 29 anos. Os saldos positivos ou negativos están ben pero tamén hai números absolutos. Respecto ao que di de que este mundo está globalizado, é gracioso. Vemos xente de Alemaña ou de Euskadi pedindo traballo?. Hai países de emigrantes e outros receptores."

Intervén o Sr. Alcalde: " Hai unha realidade de emigración que existe e non vou cuestionala. Non hai que pensar noutros tempos pero si nos de agora cando a xente marcha emigrada por situacións complicadas. Contra isto non me valen datos, son realidades."

Sometida a moción a votación, o Pleno por oito votos a favor (7 do grupo municipal PSOE e un do grupo mixto-BNG), e os tres votos en contra do grupo municipal do PP, acorda aprobar a seguinte Moción:

1-Dirixirse ao Parlamento de Galicia para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas impulsando políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

2 -Instar ao Parlamento de Galicia a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que no prazo máximo de 5 meses estude e propoña



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

Deben ser eixos destas políticas:

-A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galicia.

-A creación de emprego digno e de calidade.

-O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

-O compromiso deste ao goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forma aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galicia, nomeadamente ao agrogandeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC.

6.-MOCION DO PP SOBRE LIBERDADE EDUCATIVA

A voceira do PP, previo permiso da presidencia, explica brevemente o contido da moción. “ Consideramos que a educación concertada máis alá da liberdade educativa dos pais, dá un servizo moi importante en moitos sitios xa que neles non hai bastantes prazas públicas para atender toda a demanda. Son cousas complementarias, unha non quita a outra.”

O voceiro do grupo Mixto_BNG intervéñ seguídamente: “Votarei en contra. Cando se fala da constitución fálase mal porque nela di que os pais poden elixir colexio pero non di a CE que todos teñamos que pagar eses colexios. Estamos en contra dos concertos que no seu momento usáronse porque había déficit de colexios públicos, pero hoxe non o hai. Pode haber colexios privados pero que os pague quen queira ir a eles.”

O Sr. Alcalde manifesta: “ Tamén votarei en contra porque si. Os pais poden escoller colexio pero priorizando a ensinanza pública, dándolle todos os recursos posibles.”

Sometida a moción a votación, o Pleno por oito votos en contra (7 do grupo municipal PSOE e un do grupo mixto-BNG) e os tres votos a favor do grupo municipal do PP, non aproba a moción referida.

7.-MOCION DO PP SOBRE POSTA EN VALOR DO ENTORNO DA BARCA

Previo permiso da presidencia, a voceira do PP explica brevemente a moción: “;Falamos indirectamente desta moción no pleno anterior e con ela queremos intentar utilizar todos os recursos externos posibles. O Xacobeo 2021 está aí e a Xunta está



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXIA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

sacando subvencións para Concellos e queremos que se pida subvención para ese proxecto. Falouse de que usaba o POS e que ía tamén a solicitar a subvención á Xunta, e sego a dicir si ten claro que se poda facer, que non vaia vir denegada por elo.”

Intervén D Carlos Fdez: “ Moitos dos puntos da moción xa están no proxecto e xa se dixu que ía pedir a subvención. Votarei a favor só polo terceiro punto da moción.”

Seguidamente o Sr. Alcalde manifesta: “ Todos os puntos se estaban facendo e se o terceiro é o escollo volvo a dicir que as portas do meu despacho están abertas. Co BNG xa falei sobre este proxecto e o fago extensible ao grupo municipal do PP. Non é precisa unha moción para isto. A subvención xa está solicitada pero a Xunta só financiará un máximo de 100.000€ de proxecto e a subvención non poderá ser maior a 30.000€. Cree vostede que isto é un proxecto ambicioso, Sra. Vilela?. Entenderá que busque subvención do POS que é o 100%. Votaremos en contra porque o proxecto está feito con anterioridade a súa moción e é un proxecto ambicioso e estou aberto a suxerencias pero leccións de como temos que xestionar subvencións non mas de, pois amosa que non sabe de que fala.”

Volve a intervir Dna Sandra Vilela manifestando : “Se a Xunta financia o proxecto con 30.000 €, podería metelos no POS por exemplo en Frixe e facer un proxecto mellor que o que presentou.”

O Sr. Alcalde responde: “Alégrome de que se poña agresiva e use eses termos de subnormal ou merda, porque deixa ver a súa intención.”

Sometida a moción a votación votan en contra os sete integrantes do grupo municipal do PSOE e a favor os tres membros do grupo municipal do PP e un do grupo mixto-BNG, a moción queda rexeitada.

8.-DAR CONTA DECRETOS ALCALDIA

A Secretaria explica que se da conta ao pleno dos Decretos de Alcaldía comprendidos entre o 16 de xuño de 2019 e o 27 de decembro 2019.

O Pleno queda enterado



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Antes de pasar ao apartado de Rogos e Preguntas, o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere propoñer por urxencia o tratamento dalgún asunto.

Non se presenta ningún.

9.-ROGOS E PREGUNTAS

Dna Sandra Vilela, voceira do grupo municipal do PP intervén:

”En canto ao servizo de Axuda no Fogar, o 30 de agosto presentamos un escrito comunicando que nos estaba a chegar comentarios de que unha persoa do servizo non tiña a titulación precisa para traballar nel. Era así?

No pleno de agosto aprobouse un crédito extraordinario para persoal de Axuda no Fogar e entendíamnos que era para reforzar o servizo. Como quedou isto?

Gustaríame saber se ao persoal que se contrata para servizos múltiples entrégaselle os EPIS, xa que nas redes sociais puidemos verlle cun grupo de traballadores e a maioría deles non os tiñan. Non se lles deron ou non os poñen?

No PAS do 2015 apróbase un proxecto da obra de acondicionamento e equipamento deportivo en Muxía no que se prevía actuar no campo de fútbol e no polideportivo municipal, arranxando neste unas filtracións. O polideportivo segue con elas. Ten previsto actuar alí?

Queremos deixar constancia dun problema que hai coa execución das obras xa que por exemplo pechouse a pista de Castro a Vilachán e amparouse no temporal, pero alí había un socabón que se tapou con terra e esa estrada ten un par de anos e o mesmo pasa en Vilela , donde volve haber un socabón e arranxouse a estrada fai 2 ou 3 anos.

Gustaríame saber en que consiste o que vostede denomina na radio como “plan de vaches”. Dixo que antes do remate do ano ía reparar os vaches e queremos saber de que vai isto porque nos parece insuficiente e hai pistas intransitables.

Volvemos a falar da limpeza. Vostede dixo que ía convocar prazas de servizos múltiples, pero parece que falta moito por limpar. Sei que houbo temporal pero en moitas aldeas víronse problemas de limpeza,. Se as reixas están rotas o sen limpar a auga causa problemas cando chega.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Dende Frixe chéganos un rogo: necesitan un colector de papel para esa zona porque alí hai autónomos que xeran papel.

¿Por que non ven a pleno a moción que presentamos sobre o proxecto da reforma da Lei de Costas?

Chegounos unha queixa de Suxo por unha tubería que leva atascada nun área recreativa. ¿Faise algo?

¿Vaille repercutir aos propietarios a factura da casa que caeu en Muxía? Entendo que esa casa levaba moito tempo mal.

¿Soubo algo máis respecto á Pedra de Abalar?.

¿Cando vai traer a pleno os orzamentos?”

A continuación intervén D Carlos Fdez:

“Solicitamos outras veces o espazo portuario que non usa Portos. É un problema en moitos concellos porque Portos de Galicia ten unha actitude negacionista, e prepotente. Fisterra recorre á Fegamp neste tema que é en realidade unha apropiación indebida de uso. Pode falar con Fisterra e unirmos a eles para que nos fagan caso.

Respecto ao caso da caída desa casa, efectivamente estaba mal e debemos de tomalo como aviso xa que hai varias casas así e debería elaborarse polo técnico municipal un censo de vivendas en ruínas con risco de derrumbe para instar aos propietarios a que cumpran co seu deber de rehabilitación, aínda que sexa parcial.”;

O Sr. Alcalde contesta:

“ Respecto ao SAF na modificación de créditos estaba contemplada esa idea pero consultando cos responsables e con algún usuario, un cambio dos auxiliares neste tempo podería ir en detrimento do servizo e por iso non se fixo.

En canto á titulación da persoa que traballa na empresa, comprobouse que todas as persoas teñen a titulación esixida para traballar como Auxiliar do SAF.

Respecto á contratación de servizos múltiples: Se hai fotos foi o primeiro día. En



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

algúns casos hai que recoñecer que non se está atento a todo e debe mellorarse, e cando foi a velos intereseime polas súas necesidades.

En canto ás obras do Polideportivo: Mirarei en que consistiron aquelas obras e os problemas actuais teño que resolvelos.

É certo que hai moitos socavóns e o meu traballo vai ser intentar facer obras que estean á altura das circunstancias. Estarei mirando as obras para que se fagan ben xunto cos técnicos municipais.

En canto ao plan de vacheos, é unha partida para intentar reparar os vaches das estradas , sobre todo os máis molestos, en zonas problemáticas. Está xa adjudicado isto e non quero dicir que acabemos con todo o que está mal, falta moito pero o que pretendía era arranxar a maior parte dos problemáticos.

Vostede dixo nalgún medio de comunicación que as reixas non se limpaban e iso non é certo. Pode ser que quedase algunha polo medio pero limpáronse. O problema da inundación da zona do Banco Pastor non é por falta de limpeza.

Respecto a Suxo, púxeme en contacto cos traballadores municipais para que me informasen ao respecto e despois tivemos que priorizar. Solucionarémolo en canto podamos.

Sobre os colectores compráronse unha importante cantidade deles para intentar poñer nas zonas que non os tiñan e cambiar os que estean deteriorados.

Costoume averiguar pero ao final souben quen actuou na Pedra de Abalar. Foi Patrimonio. Non nos comunicou nada, fixo as cousas mal. Falei coa Directora Xeral de Patrimonio e deume argumentos pésimos. Deberían de telo comunicado e non o fixeron. Díxome que me ía enviar unha carta explicándoo todo pero ata agora non chegou tal carta.

Sobre o da casa que caeu, seguirase o procedemento establecido para as actuacións de emerxencia e aos propietarios irán as cargas. Hai un informe de todos os inmobles que están nese estado e pode actualizarse agora.

Non trouxen a súa moción porque se está a traballar nos concellos de forma institucional. Reunidos os concellos da Costa da Morte con persoal ou empresas afectadas, transmítenos que non queren politizar este tema e preténdese facer algo conxunto.

